



CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DE PONTEAREAS

MEMORIA 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Centro de información ás mulleres

Que é?

O CIM é un recurso de titularidade local de carácter permanente desde o cal se articula unha **intervención global** dirixida as mulleres, menores baixo a súa tutela ou garda e dependentes ao seu cargo e as persoas do colectivo LGBTQI+.

[Decreto 30/2016]



Quen formamos o CIM?

O CIM de Ponteareas -constituído no ano 2005- ofrece atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación social e calquera outra información e formación encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.




**DIRECTORA-
PSICÓLOGA**



AVOGADA



**AUXILIAR
ADMTVA**



**TÉCNICA DE
IGUALDADE**



**TRABALLADOR
SOCIAL**

Que facemos no CIM?

Atención

- PSICOLÓXICA
- XURÍDICA
- SOCIAL
- PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Apoio e asesoramento profesional presencial con cita previa.

Ao ser un servizo esencial funcionou durante todo o ano.

Execución e Seguimento

V Plan de igualdade local de oportunidades entre Mulleres e Homes

2018-2020

* Prorrogado ata o 2022

Financiamento

1

Concello de Pontearreas

2

Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo FSE Galicia 2014-2020

3

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade)

Anualmente o Concello completa os custos de persoal e das actividades do Plan de Igualdade que precisan financiamento propio.

Subvencións:

Programa de apoio aos CIM (SI427B) :
45000€


Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres: 4.650,26 €

Transferencia directa as entidades locais
Pacto de Estado: 16.230,38€

O CIM de Ponteareas é o único servizo especializado nas comarcas do Condado e A Paradanta.



Persoas atendidas no CIM de Ponteareas



56.652 Habitantes

2016 **147** PERSOAS ATENDIDAS
2017 **238** PERSOAS ATENDIDAS
2018 **252** PERSOAS ATENDIDAS
2019 **310** PERSOAS ATENDIDAS
2020 **346** PERSOAS ATENDIDAS
2021 340 PERSOAS ATENDIDAS

2019	2020	2021	
197	162	248	Asesoramento xurídico
281	219	299	Atención psicolóxica
211	430	304	Atención VX
24	23	25	Orientación ao emprego
11	2	0	Información actividades
184	367	291	Información recursos
120	4	10	Outra información

No 2021 atendemos a **340 persoas**, **337 mulleres**, 3 homes e 0 persoas de xéneros non binarios ou sen identificar nos nosos rexistros.

O **79%** son persoas **entre 25 e 64** anos e só un 12% menores de 24 anos e un 9% maiores de 65, posiblemente por descoñecemento deste recurso, polo estigma que aínda hai asociado a acudir a estes servizos ou por dificultades para acceder a el.

Sobre todo, veñen persoas do **ámbito urbano** (59%) e do **concello de Pontearreas**. Ademais de ser o municipio das comarcas con maior poboación a dispersión e as dificultades de coñecer e de acceder aos servizos desde as zonas rurais limitan as posibilidades de moitas persoas de recibir atención.

Do total, un 70% non tiña un traballo formal remunerado cando acudíu ao servizo, e desa porcentaxe 237 persoas eran desempregadas, paradas de longa duración ou estaban inactivas.

Estes datos tan elevados dependen da situación socioeconómica e das fendas ou brechas de xénero que inflúen de forma negativa na capacitación (o 20 % non ten estudos formais e o 50% posúe os estudos primarios obrigatorios) e tamén na dispoñibilidade (o 51 % das mulleres teñen persoas ao seu cargo que poden ser crianzas, maiores ou persoas con algunha discapacidade ou nunha situación que precisan de coidados continuados).

Resulta evidente que estas circunstancias aumentan a vulnerabilidade das persoas, en especial cando estamos a vivir unha crise estrutural tan forte como a actual.

É necesario tamén ter en conta aspectos que na nosa sociedade, xunto ao feito de ser muller ou unha persoa de identidade non normativa, nos axudan a entender e actuar contra as desigualdades e as discriminacións que viven estas persoas.

39 das mulleres que acudiron ao CIM son migrantes. Isto conleva dificultades para convalidar os seus estudos, estereotipos e falta de redes de apoio e servizos de atención públicos específicos.

Tamén acudiron 42 persoas con algunha discapacidade certificada, o que non representa a cifra real xa que en moitas ocasións o proceso de recoñecemento ten nesgos de xénero e dificultades que as persoas non están en condicións de asumir.

Rexistramos outras 113 persoas noutros grupos desfavorecidos que non se inclúen nas categorías anteriores (enfermidades mentais, discapacidades non recoñecidas, identidades sexoxenéricas non normativas etc.).

O CIM atende consultas e ofrece apoio a **calquera situación relacionada coa igualdade de oportunidades** aínda que se identifica sobre todo coa atención a **situacións de violencia de xénero**, xa que requiren unha actuación máis urxente e integral.

No ano **2021** acudiron ao CIM **159 mulleres** en situación pasada ou presente de violencia de xénero.

É moi importante a coordinación institucional xa que algunhas mulleres chegan a nós derivadas doutros servizos como a **Garda Civil** (58), os Servizos Sociais de Ponteareas (14), os Servizos Sociais doutros concellos (18) ou do Centro de Saúde (1)



Programas e accións destacadas

O CIM foi un dos servizos que puido manter a actividade durante a crise sanitaria da Covid19 ya que foi declarado como servizo esencial. Mais, as restricións e as medidas sanitarias limitaron a posibilidade de desenvolver a maioría das accións e programas previstos para o 2021.

Mesa de Coordinación Interinstitucional al fronte a violencia de xénero

Trátase dunha mesa de colaboración transversal integrada polo persoal municipal responsable da área de igualdade, por representantes dos Servizos Sociais do concellos da comarca atendidos polo Centro de Información para a Muller (CIM) de Ponteareas, da Garda Civil, do Ministerio Fiscal e da Subdelegación do Goberno. O obxectivo é conseguir boa coordinación entre todos axentes e traballar conxuntamente para manter e mellorar a rede de atención integral a violencia de xénero.





Loita polos dereitos da comunidade LGTBI+

Os actos do Día Internacional do Orgullo completáronse cun novo mural na rúa dos Ferreiros creado por persoas integrantes de POD Pontareas

Conmemoración do Día Internacional do Orgullo, unha xornada que busca reivindicar os dereitos da comunidade LGBTQ+, loitar pola diversidade e denunciar as actitudes homófobas. Acto organizado en colaboración coa plataforma POD Pontareas, unha agrupación creada recentemente que xorde das inxerencias da veciñanza no activismo LGBTQ+



Plan de igualdade municipal do Concello de Ponteareas

Con data de 16 de marzo de 2021 constitúese en Ponteareas a Comisión paritaria para a igualdade entre mulleres e homes. Dita comisión nace coa vocación de elaborar e implementar un plan de igualdade no eido do emprego público do Concello.

Levou-se a cabo unha diagnóse da situación da igualdade dentro da Administración municipal. Como resultado desta análise establece-se as áreas de mellora a partir das cales se estableceron os obxetivos e medidas que compoñen este Plan de Igualdade, as cales foron organizadas en diferentes eixos de intervención.



CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DE PONTEAREAS

RÚA DE ORIENTE NÚM. 8, 2º ANDAR
CIM@PONTEAREAS.ES
986 644 653